

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2018/4

DATA: xoves 26 de abril de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:40 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacta esta acta.

INTERVENTORA: PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

CONCELLEIROS/AS:

MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO - PSdeG-PSOE  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES - PSdeG-PSOE  
TOBIAS BETANZOS REGO - BNG  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA - BNG  
ADELINA CES QUINTANS - BNG  
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ - Rianxo en Común-SON  
ADELA BECERRA MAYO - PP  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO - BNG  
ELISA BOUZAS VICENTE - PP  
RAQUEL GARCIA ABUIN - BNG  
MARTÍN COMOJO VICENTE - PSdeG-PSOE  
MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO - PP  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES - PSdeG-PSOE

AUSENTES:

MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN - PP  
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS - PP  
ANTONIO CASTRO CASTRO - Rianxo en Común-SON

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta nº 3/2018 Pleno Ordinario do 5 de abril de 2018
2. Aprobación Acta nº 5/2018 do Pleno en sesión extraordinaria urxente do 16 de abril de 2018
3. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
4. Modificación da Composición da Mesa Permanente de contratación
5. Modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles
6. Proposta de acordo de modificación da ordenanza fiscal nº 2 reguladora do IAE
7. Modificación das ordenanzas IBI, IAE, ICIO

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 49,216 exp. 2018/G010/000004

8. Moción solicitando o acondicionamento dos camiños de servizo que discorren paralelos á Autovía do Barbanza
9. Moción: Prevención dos efectos do Radón sobre a saúde
10. Rogos e preguntas

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**-101735008**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>**

#### ACORDOS

#### PROPOSTAS ORDINARIAS

#### **1 APROBACIÓN ACTA Nº 3/2018 PLENO ORDINARIO DO 5 DE ABRIL DE 2018**

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2018 de 05/04/2018.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 05/04/2018, Acta nº 3/2018.

#### SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

#### **2 APROBACIÓN ACTA Nº 5/2018 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 16 DE ABRIL DE 2018**

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 5/2018 de 16/04/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 16/04/2018, Acta nº 5/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

### **3 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A Presidencia informa o Pleno das resolucións da Alcaldía da 165/2018 á 266/2018 ditadas no mes de Marzo que foron trasladadas ás persoas que compoñen o Pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

A Presidencia informa o Pleno das actas da Xunta de Goberno que foron trasladadas ás concelleiras e aos concelleiros xunto coa convocatoria desta sesión:

- 1 Acta 05/2018 da sesión ordinaria do 12/03/2018
- 2 Acta 06/2018 da sesión ordinaria do 26/03/2018

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

### **4 MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA PERMANENTE DE CONTRATACIÓN**

Este concello ven a tramitar diversas licitacións onde estima convinte a existencia dunha mesa de contratación.

Nos pregos de cláusulas administrativas particulares sóese recoller a composición da mesa de contratación nos casos en que é preceptiva e incluso, na maior parte das veces cando non é preceptiva xa que permite o coñecemento por parte dun órgano distinto ao órgano de contratación de todo o proceso,

Considerando o nomeamento dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de xeito específico para cada licitación. No caso da mesa permanente debe publicarse a súa composición no perfil do contratante e no Boletín oficial da provincia.

Estimándose de interese a existencia dunha mesa de contratación de carácter permanente neste concello para aqueles procesos de licitación nos que sexa preceptivo e en aqueles en que sendo potestativa se acorde que exista (vía pregos ou acordo do órgano de

contratación).

No BOP 9 de setembro de 2015 publicouse a constitución mesa permanente de contratación do Concello de Rianxo

Coa entrada en vigor Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector na Disposición Adicional 2ª na que recolle:

7.A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Nas Entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais.

En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. Poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.

Resulta necesario modificar a composición da mesas dado que os membros electos non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. E na actual formaban parte 4 concelleiros e o alcalde polo que se excedía do terzo.

Tendo en conta que a competencia para o nomeamento da mesa de contratación a detenta o órgano con competencia para adxudicar conforme á normativa vixente na Disposición Adicional 2ª Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no que non contradiga o disposto na Lei 9/2017 .

Comprometéndose esta Alcaldía en caso de aprobar esta mesa permanente que a mesma composición se aprobará por resolución de Alcaldía para os procesos licitatorios nos que a Alcaldía sexa o órgano de contratación

Esta Alcaldía, propón o pleno a seguinte proposta :

**PRIMEIRO**

Respecto dos procesos licitatorios nos que sexa preceptivo e nas que o Pleno sexa o órgano competente para adxudicar determinase a existencia dunha mesa de permanente

de contratación cuxa composición é a seguinte:

- ✓ Presidente da Mesa o Alcalde do Concello Adolfo Muíños Sánchez, 1º suplente Primeira Tenente de Alcalde Adelina Ces Quintáns, 2º suplente Tobías Betanzos Rego
- ✓ A Secretaria municipal que actuará como Vogal ou funcionaria que actúe como secretaria accidental.
- ✓ A Interventora municipal, que actuará como Vogal ou funcionaria que actúe como interventora accidental.
- ✓ O voceiro grupo municipal do Psoe, Mª Carmen Figueira Ares, suplente 1º Juan Antonio Losada Martínez, suplente 2º Mª Vanesa Martínez Durán
- ✓ A tesoureira municipal ou funcionaria que actúe como tesoureira accidental.
- ✓ A secretaria da mesa, que actuará con voz pero sen voto Vicenta Avelina Campaña Martínez, 1º suplente Mauricia Ces Quintáns, 2º suplente calquera outro funcionario/a da corporación de Rianxo.

## SEGUNDO

Publicar esta composición no perfil do contratante para futuras licitacións unha vez se publique asemade no BOP. Dar traslado de este acordo aos compoñentes da mesa de contratación

A proposta APRÓBASE con 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PP e 4 dos membros do grupo PSOE), unha abstención (de 1 membro do grupo Rianxo en Común) e cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

## **5 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

En sesión plenaria de 22 de febreiro de 2018 o Concello de Rianxo adoptou o acordo de adhesión ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos doing business”.

A adhesión implicaba a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do IBI, do IAE e do ICIO, para introducir unha bonificación por xeración de emprego que a normativa de réxime local prevé con carácter potestativo, para estes tres tributos.

O artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da lei de facendas Locais, establece que os concellos poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese o utilidade municipal por concorrer circunstancias (...) de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Das restantes bonificacións potestativas no IBI que prevé o TRFL no artigo 74, o Concello de Rianxo unicamente regulou a través da súa ordenanza fiscal, a de familia numerosa e a de asentamentos singularizados que dispoñan dun nivel de servizos ou equipamentos colectivos inferior ao das zonas consolidadas so municipio (servizos de auga e saneamento). Tamén estableceuse a bonificación do 5% pola domiciliación do IBI.

Coa proposta que se describe a continuación procúrase introducir medias xeradoras de emprego no termo municipal de Rianxo, podendo ser beneficiarias da bonificación non só as empresas, senón tamén os autónomos, propietario do local afecto á actividade xeradora de emprego.

Polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Dar nova redacción ao artigo cuarto, apartados 6 e 7, introducíndose un novo apartado 8, da ordenanza fiscal número 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, que quedará redactado da seguinte forma:

“6.1. Os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

6.2. A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.3. A bonificación da cota será:

a) ata un 95 % para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Rianxo, sempre e cando cree emprego.

b) ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Rianxo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	50 %
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75 %
Creación de mais de 20 postos de traballo	95%
Autoemprego (1 posto de traballo)	50 %

As contratacións deberán ser indefinidas.

Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

6.4. O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmoables arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

6.5. A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado, co voto favorable da maioría simple dos seus membros. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
  - Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de seis meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

6.6. a) O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade.

- comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade.
- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
  - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
  - De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- b) o prazo de presentación da solicitude será dun mes dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade, achegando a seguinte documentación:
- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.
  - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
  - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
  - Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC
  - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
  - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
  - De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

6.7. Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coacomunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercizos presupostarios completos, como mínimo.

6.8. O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

7. As bonificacións ás que fan referencia os apartados 1, 2, 3, 4, 5 e 6 deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún dos supostos establecidos para o disfrute de cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente mais dun suposto dos referidos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo, agás as bonificacións reguladas nos apartados 4 e 5 deste artigo que sí serán compatibles entre si.

8. Respecto aos restantes aspectos das bonificacións non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo, ao RD 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de



desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos."

Segundo. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

Carto. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello, na SEC e no BOP.

Sometido a VOTACIÓN a proposta da Alcaldía sobre este punto, o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda, Participación Veciñal é FAVORABLE por 2 votos a favor dos concelleiros dos grupos do BNG e do PP, 2 abstencións dos concelleiros dos grupos do PSOE e de Rianxo en Común e 0 votos en contra.

A proposta APRÓBASE con 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PP e 4 dos membros do grupo PSOE), un voto en contra (de 1 membro do grupo Rianxo en Común) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, coa emenda no punto primeiro. b) o acordo queda nos seguintes termos:

*Primeiro: Dar nova redacción ao artigo cuarto, apartados 6 e 7, introducíndose un novo apartado 8, da ordenanza fiscal número 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, que quedará redactado da seguinte forma:*

*"6.1. Os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego poderán obter unha bonificación na cota do imposto.*

*6.2. A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*6.3. A bonificación da cota será:*

*a) ata un 95 % para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Rianxo, sempre e cando cree emprego.*

*b) ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación das instalacións dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Rianxo, sempre e cando implique creación de emprego.*

*A porcentaxe de bonificación será a seguinte:*

<i>Creación de 1 a 10 postos de traballo</i>	<i>50 %</i>
<i>Creación de 11 a 20 postos de traballo</i>	<i>75 %</i>
<i>Creación de mais de 20 postos de traballo</i>	<i>95%</i>
<i>Autoemprego (1 posto de traballo)</i>	<i>50 %</i>

*As contratacións deberán ser indefinidas.*

*Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.*

*6.4. O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.*

*Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmoables arrendados.*

*Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.*

*6.5. A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado, co voto favorable da maioría simple dos seus membros. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:*

- Poder de representación, no seu caso.*
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.*
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
  - Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.*
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.*

*A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de seis meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.*

6.6. a) O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade.

- comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade.

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

b) o prazo de presentación da solicitude será dun mes dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

6.7. Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coacomunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, deberán permanecer durante tres exercizos presupostarios completos, como mínimo.

6.8. O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

7. As bonificacións ás que fan referencia os apartados 1, 2, 3, 4, 5 e 6 deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún dos supostos establecidos para o disfrute de cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente mais dun suposto dos referidos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo, agás as bonificacións reguladas nos apartados 4 e 5 deste artigo que sí serán compatibles entre si.

8. Respecto aos restantes aspectos das bonificacións non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo, ao RD 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos."

Segundo. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Carto. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello, na SEC e no BOP.

## **6 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**

En sesión plenaria de 22 de febreiro de 2018 o Concello de Rianxo adoptou o acordo de adhesión ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos doing business".

A adhesión implicaba a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do IBI, do IAE e do ICIO, para introducir unha bonificación por xeración de emprego que a normativa de réxime local prevé con carácter potestativo, para estes tres tributos.

O artigo 88.2.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da lei de facendas Locais, establece que os concellos poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota do IAE para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de (..) fomento do emprego que xustifiquen tal declaración."

Coa proposta que se describe a continuación dáse cumprimento ao compromiso de modificar a ordenanza fiscal do IAE para introducir o suposto de bonificación potestativa no IAE, pola adhesión ao Protocolo Doing Business.

Aprovéitase para suprimir integramente o texto do actual artigo terceiro da ordenanza fiscal, por non resultar necesario, posto que o período voluntario do IAE establécese anualmente a través do calendario fiscal.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Dar nova redacción ao artigo terceiro, da ordenanza fiscal número 2 reguladora do imposto sobre actividades económicas, que quedará redactado da seguinte forma:

“3.1. Poderán gozar dunha bonificación na cota do IAE os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

3.2. A bonificación da cota será:

a) ata un 95 % para os suxeitos pasivos que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Rianxo, sempre e cando cree emprego.

b) ata un 95% para a os suxeitos pasivos que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Rianxo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	50 %
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75 %
Creación de mais de 20 postos de traballo	95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

3.3. O beneficiario da bonificación o suxeito pasivo non exento do IAE.

Non poderá ser beneficiario da bonificación o suxeito pasivo que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

3.4. A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado, co voto favorable da maioría simple dos seus membros. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.

- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de seis meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

6.6. a) O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade.

- comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade.

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

b) o prazo de presentación da solicitude será dun mes dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

3.5. Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coacomunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, deberán permanecer durante tres exercizos presupostarios completos, como mínimo.

3.6. O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

3.7. Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo, ao RD 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos."

Segundo. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

Carto. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello, na Sede Electrónica e no BOP.

Sometido a VOTACIÓN a proposta da Alcaldía sobre este punto, o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda, Participación veciñal é FAVORABLE por 2 votos a favor dos concelleiros dos grupos do BNG e do PP, 2 abstencións dos concelleiros dos grupos do PSOE e de Rianxo en Común e 0 votos en contra.

A proposta APRÓBASE con 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PP e 4 dos membros do grupo PSOE), un voto en contra (de 1 membro do grupo Rianxo en Común) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, coa emenda no punto primeiro .b) o acordo queda nos seguintes termos:

*Primeiro: Dar nova redacción ao artigo terceiro, da ordenanza fiscal número 2 reguladora do imposto sobre actividades económicas, que quedará redactado da seguinte forma:*

*“3.1. Poderán gozar dunha bonificación na cota do IAE os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.*

*3.2. A bonificación da cota será:*

*a) ata un 95 % para os suxeitos pasivos que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Rianxo, sempre e cando cree emprego.*

*b) ata un 95% para a os suxeitos pasivos que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación das instalacións dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Rianxo, sempre e cando implique creación de emprego.*

*A porcentaxe de bonificación será a seguinte:*

<i>Creación de 1 a 10 postos de traballo</i>	<i>50 %</i>
<i>Creación de 11 a 20 postos de traballo</i>	<i>75 %</i>
<i>Creación de mais de 20 postos de traballo</i>	<i>95%</i>

*As contratacións deberán ser indefinidas.*

*Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.*

*3.3. O beneficiario da bonificación o suxeito pasivo non exento do IAE.*

*Non poderá ser beneficiario da bonificación o suxeito pasivo que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.*

*3.4. A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado, co voto favorable da maioría simple dos seus membros. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:*

- Poder de representación, no seu caso.*
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.*
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a*



*creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*

*- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*

*- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.*

*- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.*

*A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de seis meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.*

*6.6. a) O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade.*

*- comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade.*

*- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.*

*- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.*

*- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*

*- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC*

*- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*

*- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*

*- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.*

*b) o prazo de presentación da solicitude será dun mes dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, no caso de que non se realice construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade, achegando a seguinte documentación:*

*- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.*

*- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.*

*- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*

*- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC*

- *Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*
- *No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*
- *De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.*

*Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.*

*3.5. Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coacomunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, deberán permanecer durante tres exercizos presupostarios completos, como mínimo.*

*3.6. O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.*

*3.7. Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo, ao RD 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos."*

*Segundo. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.*

*Terceiro. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.*

*Carto. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello, na Sede Electrónica e no BOP.*

## **7 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.**

En sesión plenaria de 22 de febreiro de 2018 o Concello de Rianxo adoptou o acordo de adhesión ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos doing business".

A ordenanza fiscal reguladora do ICIO recollía xa dende finais de 2015 unha bonificación de ata o 95% por xeración de emprego, previa declaración polo Pleno do seu especial interese ou utilidade municipal, ao abeiro do artigo 103.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que prevé o carácter potestativo de dita bonificación.

O equipo de goberno do Concello de Rianxo xa considerou de especial interese ou utilidade municipal a xeración de emprego, si ben limitando a bonificación, naquel momento, ás industrias ubicadas no Polígono Industrial.

Con esta modificación preténdese adaptar o texto da ordenanza fiscal do ICIO aos compromisos asumidos pola adhesión ao Protocolo mencionado. As modificacións supoñen:

- a ampliación do ámbito espacial das construcións, instalacións ou obras que será todo o termo municipal (e non únicamente o Polígono Industrial)

- a modificación das porcentaxes de bonificación por tramos de xeración de emprego

Continuando co compromiso municipal de coadxuvar coas políticas públicas municipais á xeración de emprego, inclúese dentro do ámbito subxectivo da bonificación á figura do autónomo.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o dictame favorable da seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Dar nova redacción ao artigo 7 da ordenanza fiscal número 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que quedará redactado da seguinte forma:

“7.1. Construcións, instalacións e obras declaradas polo pleno de especial interese ou utilidade municipal

7.1.1. As construcións, instalacións e obras enumeradas no apartado 3 do artigo 7.1 que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

7.1.2. A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

7.1.3. A bonificación da cota será:

7.1.3.a) Do 50% a favor das obras de rehabilitación de vivendas tradicionais ou de singular valor arquitectónico ubicadas en solo clasificado como rústico declaradas de especial interese ou utilidade municipal ou as ubicadas en núcleo rural declaradas de especial interese ou titularidade municipal, así como as edificacións tradicionais, sempre e cando o inmovible se destine a vivenda habitual durante un período mínimo de 5 anos dende o remate das obras

A efectos do disfrute desta bonificación, precisarase:

- solicitude do suxeito pasivo do imposto presentada polo rexistro xeral do Concello no momento de solicitar a licenza urbanística, en modelo normalizado que incluírá declaración responsable de que o inmovible vaise destinar a vivenda habitual durante un mínimo de 5 anos dende o remate da obra, achegando o proxecto técnico visado, se fora preciso

- resolución de concesión da licenza de obras ou urbanística

- informe do Departamento de Urbanismo no que se conclúa si o obxecto da obra que consta no expediente pode cualificarse de rehabilitación, así como si se trata dunha vivenda ubicada en solo rural ou de núcleo rural, segundo a LOPMR de Galicia e a normativa urbanística municipal en vigor.

Unha vez emitido o dito informe favorable, a solicitude de declaración do especial interese ou

utilidade municipal da obra, elevarase ao Pleno. Posteriormente, o órgano competente ditará resolución expresa relativa á concesión ou denegación da bonificación.

O suxeito pasivo quedará obrigado a comunicar ao departamento de Urbanismo do Concello o remate da obra, achegando certificado final de obra, se fora obrigatorio, ou presuposto de execución definitivo, no prazo máximo de 15 días.

O incumprimento sobrevido dalgún dos requisitos esixidos para o disfrute da bonificación, determinará a perda da mesma, e a práctica da correspondente liquidación pola diferenza, sen perxuízo do disposto no artigo 11.

7.1.3.b) ata un 95 % para construcións, instalacións ou obras por implantación dunha nova empresa que implique o exercizo dunha actividade económica ou empresarial no termo municipal de Rianxo, sempre e cando cree emprego.

ata un 95% para construcións, instalacións ou obras por ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Rianxo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	50 %
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75 %
Creación de mais de 20 postos de traballo	95%
Autoemprego (1 posto de traballo)	50 %

As contratacións deberán ser indefinidas.

Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

7.1.3. b.1) O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan o dono da construción, instalación ou obra, con independencia de que ostenten a propiedade do inmovible sobre o que se realiza aquela. Terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os custos da súa execución. Para o disfrute da bonificación, o dono da construción, instalación ou obra deberá coincidir con quen exerza a actividade.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

7.1.3.b.2) A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado, co voto favorable da maioría simple dos seus membros. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio

no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de seis meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

7.1.3.b.3) O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra. Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

7.1.3.b.4) No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licencia, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

7.1.3.b.5). Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coacomunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, deberán permanecer durante tres exercizos presupostarios completos, como mínimo.

7.1.3.b.6). O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

7.2. Bonificacións por mellora do acceso e da habitabilidade dos discapacitados.

As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados con mais dun 33% de minusvalía, gozarán dunha bonificación do 75% da cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes regras:

- Tomará en consideración o presuposto total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra esté destinada exclusivamente á adaptación do edificio para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.
- No caso de que as obras estén destinadas á reforma da edificación, comprendendo no presuposto mais partidas, unicamente se computarán para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes referidas á mellora do acceso e habitabilidade dos discapacitados.

As bonificacións establecidas neste artigo terán carácter rogado, debendo solicitarse xunto coa a presentación da comunicación previa, ou no seu caso, da solicitude da licenza de obra. En todo caso, a solicitude acompañarase á solicitude:

- O presuposto total da obra desagregado na parte que corresponda a obras que favorezan devanditas condicións.
- A acreditación de que na vivenda reside habitualmente a lo menos unha persoa cun grado de minusvalía de mais do 33%.
- Certificado acreditativo da minusvalía de mais do 33%.

No expediente administrativo deberá incorporarse un informe de urbanismo referido á mellora da accesibilidade e/ou habitabilidade do inmovible para o discapacitado, no que se incluírá a proposta de liquidación do ICIO.

7.3. Bonificacións para instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico

7.3.1. As construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo gozarán dunha bonificación do 90%. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os colectores obxecto da instalación dispoñan da correspondente homologación administrativa.

Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

7.3.2. Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte da cota correspondente ás construcións, instalacións ou obras destinadas estritamente á fin indicada e en ningún caso se concederá se a construción, instalación ou obra que non esté amparada pola correspondente licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

7.3.3. Esta bonificación terá carácter rogado, debendo solicitarse coa presentación da comunicación previa, declaración responsable ou coa solicitude de licenza de obra, achegando copia do presuposto de obra que desagregue as partidas referidas aos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar razoadamente o custo que supón a parte

da construción, instalación ou obra bonificable, identificación da licenza de obras ou orde de execución ou declaración responsable ou comunicación previa presentada que a ampara, así como calquera outra documentación que o interesado estime oportuna.

7.3.4. Este beneficio fiscal terá carácter provisional en tanto non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiran o seu disfrute e se aprobe a liquidación definitiva, se aprobe, se é o caso, a correspondente acta de comprobado e conforme ou transcorran os prazos para a súa comprobación.

7.3.5. O disfrute dunha das bonificacións reguladas no artigo 7 será incompatible co disfrute simultáneo de calesquera outros dos regulados nesta ordenanza fiscal.

7.3.6. Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo, ao RD 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos."

Segundo. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

Carto. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP."

Sometido a VOTACIÓN a proposta da Alcaldía sobre este punto, o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda, Participación veciñal é FAVORABLE por 2 votos a favor dos concelleiros dos grupos do BNG e do PP, 2 abstencións dos concelleiros dos grupos do PSOE e de Rianxo en Común e 0 votos en contra.

A proposta APRÓBASE con 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PP e 4 dos membros do grupo PSOE), un voto en contra (de 1 membro do grupo Rianxo en Común) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

## **8 MOCIÓN SOLICITANDO O ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE SERVIZO QUE DISCORREN PARALELOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos

14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Somos conscientes da importancia que ten para unha comunidade manter a súa rede de carreteras e camiños ben conservada para posibilitar o tránsito de unhas zonas a outras con seguridade e comodidade. Dentro de un concello hai vías de distinta titularidade e é o noso deber esixir que as manteñan no mellor estado posible.

Nesta moción, vamos á referimos ós camiños de servizo que discorren paralelos á autovía do Barbanza e que se encontran en un estado lamentable, imposibilitando en moitas zonas o paso da veciñanza hacia as súas propiedades.

Estes camiños tiveron que adaptarse ás marxes da autovía e en moitas zonas quedaron con pendentes case impracticables, sendo agravado o seu estado pola acción das choivas que produciron regos que dificultan moito o paso das persoas, animais e vehículos.

Se queremos que ás propiedades do monte estean coidadas, temos que velar porque haxa uns camiños, cómodos e seguros, para que a Xente poda acceder ás súas propiedades.

Destacar tamén, que por estes paraxes poden transitar moitas persoas a pé, a cabalo ou en vehículos, e sería un moi bo circuíto de sendeirismo se tivera un correcto mantemento. Ese percorrido xa o facían as persoas fai anos cando non había tantos coches como agora e querían ir de un lugar a outro do noso concello.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia que esixa a quen competa o mantemento dos camiños de servizo que discorren paralelos á autovía do Barbanza para facelos transitables porque na maior parte do seu percorrido están moi deteriorados e supoñen perigo para os/as que teñan que utilízalos.
2. Instar á Xunta de Galicia que esixa a quen competa o mantemento e bo estado da rede de camiños que permiten transitar dunha zona a outra do concello e que tamén dan acceso a esta vía de servizo.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

## **9 MOCIÓN: PREVENCIÓN DOS EFECTOS DO RADÓN SOBRE A SAÚDE**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

o gas radón é o resultado da desintegración de minerais radioactivos como o uranio ou o torio que se atopan nas rochas metamórficas con unha importante presenza na nosa área



como o granito. É un gas pesado, incoloro, inodoro, insípido e radioactivo que o entrar en contacto coas células do tracto respiratorio pode causar alteracións xenético moleculares e finalmente cancro.

Nas zonas en que está presente no medio pode introducirse nas vivendas, lugares de traballo, etc a través das gretas nas unións das paredes ou outras xuntas da edificación. Ó ser un gas máis pesado que o aire que habitualmente respiramos, concéntrase con máis facilidade nos garaxes subterráneos, sotos, bodegas e outros lugares en contacto directo co terreo, que ademais suelen ser lugares con pouca ventilación.

Segundo a organización Mundial da saúde, o radón, aínda que a moita distancia do tabáco, e a segunda causa de cancro de pulmón. Segundo estudos epidemiolóxicos poderíanselle atribuír á exposición a este gas entre o 3 e o 14 por cento dos tumores pulmonares que se dan entre a poboación xeral.

A radioactividade é medida en becquereis, ó tratarse neste caso de radioactividade dun gas fálase de becquereis metro cúbico. A Organización Mundial da saúde propón que se manteña o límite por debaixo dos 100 bq/m<sup>3</sup> e, en todo caso que non se superen os 300 bq/m<sup>3</sup>. Estes índices son os utilizados por axencias e grupos de investigación de varios países, entre eles o Laboratorio de Radón de Galicia, laboratorio da universidade de Santiago que elaborou o Mapa do Radón de Galicia.

No citado mapa, referido ó concello de Rianxo os autores din que máis do 10% das medicións realizadas superaron os 200 Bq/m<sup>3</sup>, e entre un 5 e un 10% das mesmas superaronos 300Bq/m<sup>3</sup>. Estamos polo tanto nunha situación na que deberamos tomar algunhas precaucións.

Unha información máis completa sobre os datos os que pode atoparse no "Manual de la OMS sobre el Radón en interiores: Una perspectiva de salud Pública"

([http://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/161913/9789243547671\\_spa.pdf?sequence=1](http://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/161913/9789243547671_spa.pdf?sequence=1)) ou na web do Laboratorio do Radón de Galicia.

(<http://www.usc.es/radongal/inicio/?lang=es>)

Por todo o anterior propoñemos ó pleno da corporación a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1. Realización de campañas informativas sobre os efectos do gas radon, incidencia e posibles efectos, que chegue a todos os fogares do concello de Rianxo' así como dar a coñecer os recursos e as medidas preventivas.
2. Realización de medicións de gas radon nos edificios públicos de ámbito municipal do Concello da Rianxo.
3. Elaboración dun Plan de Prevención de Riscos Laborais para os postos de traballo que se vexan afectados.
4. Promover a medición naqueles fogares que o desexen, con medidas por parte do concello e de outros organismos paras que reduzan o seu custe, como poden ser

acordos coa USC ou outras a considerar.

5. Instar o Goberno Central e Xunta de Galicia, a que elaboren plans de acción nacional e dispoñan das axudas e medidas necesarias nas normas constructivas para a redución dos niveis de radón nos domicilios

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

## **10 ROGOS E PREGUNTAS**

### **DELIBERACIÓNS**

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**-101735008**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>**

Rianxo, mércores 2 de maio de 2018

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez